

CONSELLOS PARA UNA BOA ADAPTACIÓN

- Non establezas comparacións, cada neno ten o seu propio ritmo.
- Axusta os novos horarios e rutinas antes do comezo da escola. Non xuntes tódolos cambios.
- Fainos participes do que vai acontecer e de como vos ides organizar, cunha linguaxe en positivo e axustada á súa idade.
- Despídete con seguridade e de xeito afectuoso. Create o voso ritual persoal de despedida.
- Se o recolles persoalmente, se puntual na recollida. Que non teña que agardar a túa chegada.

O momento de ir á escola por primeira vez pode ser tan emocionante como estresante, tanto para os nenos e nenas como para os papás e mamás.

Estes contos poden ser de utilidade para reflexionar co teu fillo sobre o comezo da escola.

Tanto se o teu fillo vai á escola por primeira vez como se xa foi pero pensas que lle pode ser difícil recuperar o ritmo, as madrugadas, as clases, etc., é unha boa idea utilizar a lectura como ferramenta para que todo sexa máis doado.

Dende a Biblioteca e o Departamento de Orientación, preparamos unha selección de contos pensados para facilitar un pouco ese gran paso do comezo da escola. Serán un pequeno aliciente á hora de afrontar os primeiros días de clase e facilitarán a súa adaptación.




CONTOS PARA FACILITAR A ADAPTACIÓN Á ESCOLA



Biblioteca-
Departamento de
orientación

EL POLLO PEPE VA AL COLEGIO. SM.

Neste conto, con despleables, atopamos unha aventura onde o Polo Pepe fai todo o posible para non chegar tarde ao colexio no seu primeiro día.




EL MONSTRUO DE COLORES VA AL COLE. FLAMBOYANT.

O libro relata o primeiro día de escola do monstro de cores. Trata as emocións ás que se confrontan os máis pequenos nese día. Está escrito para axudarlles a afrontar este gran reto.



ABURÍÑO

Os máis cativos teñen que se confrontar por primeira vez a algunhas situacións que non comprenden, lles dan medo ou os poñen nerviosos. Asimilar novos hábitos forma parte da aprendizaxe diaria.




MAMÁ YA VIENE. TAKATUKA.

Lisa está moi preocupada porque sabe que a súa nai é moi despistada e sempre ten que axudala a atopar cousas que perde ou esquece. Cando comeza a escola, ten medo de que a súa nai se esqueza de recollela.



UN BESO EN MI MANO. TANGLEWOOD PRESS.

Chester, un pequeno mapache, vai á escola por primeira vez. Chester está triste porque non pasará tanto tempo coa súa nai como de costume e porque non poderá facer o que fai todos os días.



EL HILO INVISIBLE. B DE BLOK.

Nura descubre que do embigo sae un fío invisible que a une con todas as persoas que máis quere: a súa nai, o seu pai, os seus avós, os seus tíos, os seus curmáns, os seus amigos... Nunca volverá ter medo cando non estean con ela.

